

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LINGUA
GALEGA E LITERATURA**

IES POETA AÑÓN

CURSO 2021/2022

ADENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE LINGUA GALEGA DO IES POETA AÑÓN PARA O CURSO 2021/2022

Conforme o publicado na *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Lingua Galega e Literatura modifica a súa programación para o presente curso.*

Nos apartados 7 e 8 do artigo 7 da *ORDE do 25 de xaneiro* establece cese o seguinte:

APARTADO 7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

APARTADO 8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que ten a materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizar a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño nas correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

En consecuencia, modifícase a programación do departamento na sección correspondente aos criterios de cualificación e promoción do alumnado.

Deste xeito, introdúcense os seguintes cambios:

- A avaliación extraordinaria de setembro queda suprimida na ESO.
- A terceira avaliación chamarase terceira avaliación parcial.
- A avaliación final ordinaria pasará a ser denominada avaliación final. Esta levarase a cabo a partir do 23 de xuño.
- O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- Realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación .

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a. Criterios para determinar as cualificacións parciais (en cada trimestre).

Non se modifica a ponderación para calcular a cualificación de cada trimestre.

b. Criterios para determinar a cualificación da avaliación final.

A cualificación final será a obtida na media das tres avaliacións anteriores, se ben no período de tempo abranguido entre a terceira avaliación parcial e a final (entre o 6 e o 22 de xuño) levaranse a cabo as actividades que se indican a continuación, que poden supor unha modificación da cualificación.

- **ALUMNADO QUE APROBE AS TRES AVALIACIÓNS PARCIAIS:** Realizará actividades de ampliación e, de ser necesario, tamén de reforzo (visionado de vídeos, escoita de audios con cuestións de comprensión sobre os mesmos, lectura de textos, xogos na rede co fin de practicar as distintas destrezas, exercicios de escolla múltiple, encher ocos, parafraseado, prácticas de gramática, literatura e vocabulario e/ou presentacións orais). As actividades serán deseñadas para ser levadas a cabo de xeito autónomo, coa supervisión do profesorado. Poderá facerse uso de materiais tanto en formato dixital (a través da Aula Edixgal e Aula Virtual do centro), como en formato papel.

O alumnado coa materia aprobada nas tres avaliacións parciais, que complete as diferentes tarefas asignadas cunha valoración positiva, sumará 0.5 puntos á cualificación da media das tres avaliacións anteriores (cualificación previa ao redondeo): o resultado desa suma (co correspondente redondeo) será a nota que figurará na avaliación final.

- **ALUMNADO QUE TEÑA SUSPENSA ALGUNHA AVALIACIÓN PARCIAL:** deberá realizar actividades de apoio e reforzo da avaliación ou avaliacións suspensas (as actividades será supervisadas e contarán co apoio da profesora titular do grupo e serán específicas e individualizadas para cada un dos alumnos e alumnas) e un exame de recuperación da avaliación ou avaliacións non superadas. Tanto as actividades como a proba escrita serán deseñadas en base aos mínimos da programación do Departamento. Como no anterior caso, o alumnado disporá de materiais en soporte dixital nas aulas virtuais do centro así como en papel.

Para a cualificación final deste alumnado terase en conta sempre a nota máis alta (media das tres avaliacións anteriores ou das probas de recuperación) e das actividades de reforzo dos días anteriores, que poderán sumar 0.5 puntos á nota media previa ao redondeo.

En Outes, 6 abril 2022



Asdo: María Pereira Uzal

